<ul style="list-style-type: none"> - Misión, visión e valores da empresa ou entidade: a cultura empresarial. A organización e a xestión das entidades emprendedoras. Funcións da empresa. - Os equipos nas empresas e organizacións. Estratexias áxiles de traballo en equipo. Formación e funcionamento de equipos de traballo. Estratexias de comunicación, negociación e solución de conflitos. - As finanzas da persoa emprendedora: control e xestión do diñeiro. Fontes e control de ingresos e gastos. Recursos financeiros a curto e a longo prazo e a súa relación co benestar financeiro. O endebedamento. Fontes de financiamento e captación de recursos - O reto ou o desafío como obxectivo.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Planificación, xestión e execución dun proxecto emprendedor. Do reto ao prototipo. - Desenvolvemento áxil do produto. - Técnicas e ferramentas de prototipado rápido. - Métodos de análise da competencia. Estratexias competitivas. - Mercadotecnia do produto. Presentación e introdución do prototipo na contorna. Estratexias de difusión. - Validación e testado de prototipos. Valoración do proceso de traballo. Innovación áxil. - Estudo de viabilidade do produto e elección de forma xurídica. - O usuario como destinatario final do prototipo. A toma de decisións dos usuarios. O usuario como consumidor. Dereitos e obrigacións dos consumidores.

UD	Título da UD	Duración
5	O diñeiro e as solucións bancarias	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Planificar e poñer en marcha un proxecto viable que leve á realidade unha solución emprendedora, seleccionando e reunindo os recursos materiais, inmateriais e dixitais máis adecuados ao noso proxecto.	Planificar e poñer en marcha un proxecto viable que leve á realidade unha solución emprendedora.	PE	30
CA2.5 - Afrontar os retos en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas, transferindo os coñecementos económicos e financeiros necesarios e sendo consciente da importancia para a persoa emprendedora da capacidade de anticipación aos cambios da contorna.	Afrontar os retos en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas.	TI	70
CA3.1 - Constituír equipos de traballo baseados en principios de equidade, coeducación e igualdade entre homes e mulleres, actitude participativa e visualización de metas comúns, utilizando estratexias que faciliten a identificación e a optimización dos recursos humanos necesarios que conduzan á consecución do reto proposto.	Constituír equipos de traballo baseados en principios de equidade, coeducación e igualdade entre homes e mulleres.		
CA4.1 - Adaptarse a contornas complexas cun proxecto persoal orixinal e xerador de valor, logrando pro-gresivamente o control consciente das emocións.	Adaptarse a contornas complexas cun proxecto persoal orixinal e xerador de valor.		
CA4.2 - Superar os retos propostos a partir de ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o seu impacto no eido persoal e na contorna.	Superar os retos propostos a partir de ideas e solucións innovadoras e sostibles.		
CA4.3 - Poñer en marcha un proxecto viable analizando os recursos materiais, inmateriais e dixitais dispoñibles no proceso de ideación creativa.	Poñer en marcha un proxecto viable analizando os recursos materiais, inmateriais e dixitais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Desenvolver unha idea ou unha solución emprendedora a partir dos coñecementos, destrezas e actitudes adquiridos desde o ámbito da economía e das finanzas, vendo a relación entre estes e os recursos necesarios e dispoñibles que permitan o seu desenvolvemento.	Desenvolver unha idea ou unha solución emprendedora a partir dos coñecementos, destrezas e actitudes adquiridos.		
CA4.8 - Afrontar os retos de maneira eficaz, equitativa e sostible, en distintos contextos aplicando os coñecementos económicos e financeiros necesarios.	Afrontar os retos de maneira eficaz, equitativa e sostible.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O sistema financeiro. - Misión, visión e valores da empresa ou entidade: a cultura empresarial. A organización e a xestión das entidades emprendedoras. Funcións da empresa. - Os equipos nas empresas e organizacións. Estratexias áxiles de traballo en equipo. Formación e funcionamento de equipos de traballo. Estratexias de comunicación, negociación e solución de conflitos. - As finanzas da persoa emprendedora: control e xestión do diñeiro. Fontes e control de ingresos e gastos. Recursos financeiros a curto e a longo prazo e a súa relación co benestar financeiro. O endebedamento. Fontes de financiamento e captación de recursos - O reto ou o desafío como obxectivo. - Planificación, xestión e execución dun proxecto emprendedor. Do reto ao prototipo. - Desenvolvemento áxil do produto. - Técnicas e ferramentas de prototipado rápido. - Métodos de análise da competencia. Estratexias competitivas. - Mercadotecnia do produto. Presentación e introdución do prototipo na contorna. Estratexias de difusión. - Validación e testado de prototipos. Valoración do proceso de traballo. Innovación áxil. - Estudo de viabilidade do produto e elección de forma xurídica. - O usuario como destinatario final do prototipo. A toma de decisións dos usuarios. O usuario como consumidor. Dereitos e obrigacións dos consumidores.

UD	Título da UD	Duración
6	O comercio exterior	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Planificar e poñer en marcha un proxecto viable que leve á realidade unha solución emprendedora, seleccionando e reunindo os recursos materiais, inmateriais e dixitais máis adecuados ao noso proxecto.	Planificar e poñer en marcha un proxecto viable que leve á realidade unha solución emprendedora.	PE	28
CA1.6 - Construír ideas creativas e sostibles aplicando metodoloxías áxiles que faciliten a superación dos retos expostos con sentido ético e solidario.	Construír ideas creativas e sostibles aplicando metodoloxías áxiles.	TI	72
CA2.3 - Preservar e coidar a contorna natural, social, cultural e artística a partir de propostas e actuacións locais e globais que promovan o desenvolvemento sostible, con visión creativa, emprendedora e comprometida.	Preservar e coidar a contorna natural, social, cultural e artística a partir de propostas e actuacións locais e globais.		
CA2.4 - Propoñer ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o impacto que poidan xerar no eido persoal e na contorna e aplicando metodoloxías áxiles para a obtención de solucións ás necesidades detectadas con sentido ético e solidario.	Propoñer ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o impacto que poidan xerar no eido persoal e na contorna.		
CA2.6 - Valorar criticamente o problema económico da escaseza de recursos, a necesidade de elixir e a proposta de solucións que supoñan un mellor aproveitamento dos recursos e a reutilización circular das desfeitas xerados que contribúan á sostibilidade do sistema.	Valorar criticamente o problema económico da escaseza de recursos, a necesidade de elixir e a proposta de solucións.		
CA3.1 - Constituír equipos de traballo baseados en principios de equidade, coeducación e igualdade entre homes e mulleres, actitude participativa e visualización de metas comúns, utilizando estratexias que faciliten a identificación e a optimización dos recursos humanos necesarios que conduzan á consecución do reto proposto.	Constituír equipos de traballo baseados en principios de equidade, coeducación e igualdade entre homes e mulleres.		
CA4.1 - Adaptarse a contornas complexas cun proxecto persoal orixinal e xerador de valor, logrando pro-gresivamente o control consciente das emocións.	Adaptarse a contornas complexas cun proxecto persoal orixinal e xerador de valor.		
CA4.2 - Superar os retos propostos a partir de ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o seu impacto no eido persoal e na contorna.	Superar os retos propostos a partir de ideas e solucións innovadoras e sostibles.		
CA4.3 - Poñer en marcha un proxecto viable analizando os recursos materiais, inmateriais e dixitais dispoñibles no proceso de ideación creativa.	Poñer en marcha un proxecto viable analizando os recursos materiais, inmateriais e dixitais dispoñibles.		
CA4.9 - Utilizar estratexias eficaces de deseño e execución do prototipo final utilizando métodos de traballo áxiles, cooperativos e autónomos, analizando de maneira crítica o proceso de deseño e execución levado a cabo e valorando a súa viabilidade e adecuación empregada na construción deste.	Utilizar estratexias eficaces de deseño e execución do prototipo final utilizando métodos de traballo áxiles, cooperativos e autónomos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- O perfil da persoa emprendedora: habilidades.
- Xestión de emocións. A importancia da motivación para emprender. Estratexias de xestión da incerteza e toma de decisións en contextos cambiantes. O erro e a validación como oportunidades para aprender.
- O impacto da actividade empresarial: a responsabilidade social corporativa. A contorna social, cultural e ambiental desde unha perspectiva económica. A economía colaborativa. A pegada ecolóxica e a economía circular. A economía social e solidaria. Os obxe
- Misión, visión e valores da empresa ou entidade: a cultura empresarial. A organización e a xestión das entidades emprendedoras. Funcións da empresa.
- Os equipos nas empresas e organizacións. Estratexias áxiles de traballo en equipo. Formación e funcionamento de equipos de traballo. Estratexias de comunicación, negociación e solución de conflitos.
- As finanzas da persoa emprendedora: control e xestión do diñeiro. Fontes e control de ingresos e gastos. Recursos financeiros a curto e a longo prazo e a súa relación co benestar financeiro. O endebedamento. Fontes de financiamento e captación de recursos
- O reto ou o desafío como obxectivo.
- Planificación, xestión e execución dun proxecto emprendedor. Do reto ao prototipo.
- Desenvolvemento áxil do produto.
- Técnicas e ferramentas de prototipado rápido.
- Métodos de análise da competencia. Estratexias competitivas.
- Mercadotecnia do produto. Presentación e introdución do prototipo na contorna. Estratexias de difusión.
- Validación e testado de prototipos. Valoración do proceso de traballo. Innovación áxil.
- Estudo de viabilidade do produto e elección de forma xurídica.
- O usuario como destinatario final do prototipo. A toma de decisións dos usuarios. O usuario como consumidor. Dereitos e obrigacións dos consumidores.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No que atinxe á metodoloxía que se vai empregar na materia de Economía e Emprendemento en 4º de ESO, cómpre indicar que o docente é un xestor de coñecemento para que o alumnado adquira un maior grao de protagonismo. No traballo de aula o docente manexa dous obxectivos fundamentais: a consecución de obxectivos curriculares a través dos contidos de currículo e o desenvolvemento de habilidades que favorezan a aprendizaxe dos alumnos noutras áreas. Neste proceso é necesario o adestramento individual e o traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: o manexo da terminoloxía do ámbito da economía e o emprendemento; a análise dos resultados das empresas e de diverso tipo de gráficas; a investigación baseada en DAFO de distintas iniciativas empresariais; e o tratamento dos casos seguindo unha metodoloxía de análise propia, moi semellante á que actualmente se realiza nas escolas de negocios.

Nalgúns aspectos desta materia, o traballo en grupo colaborativo achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha plataforma inmejorable para adestrar a análise de casos reais de empresas e os seus resultados económicos, así como o coñecemento do sector público, a banca e o comercio internacional, entre outras moitas cuestións. Nesta materia é indispensable a vinculación a contextos reais e a aplicación dos coñecementos para nun futuro poder aplicarlos. Por todo o cal as liñas metodolóxicas xerais deberán:

- Fomentar a participación e a reflexión, tanto individual como en grupo.
- Operar non só sobre o concreto senón tamén sobre conceptos e ideas.
- Fomentar a formulación de hipóteses.
- Buscar, seleccionar e tratar a información.

- Insistir na ordenación das ideas, comparación e a xerarquización.
- Elaborar percorridos ordenados, lóxicos desde a formulación de hipóteses á comprobación dos resultados, expresándoos correcta, clara e ordenadamente.
- Comprobar noutros contextos diferentes aos utilizados para o traballo.
- Relacionar os saberes aprendidos nas distintas materias.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Para o desenvolvemento da materia de Economía e Emprendemento empregaranse os seguintes recursos e materiais didácticos:

- Materiais diversos inseridos na Aula Virtual.
 - Casos prácticos de empresas e sociedades cooperativas reais.
 - Libro de texto da editorial Santillana (como material de apoio e consulta).
 - Libro de texto de Empresa Joven Europea (como material de apoio e consulta).
 - Prensa xeral e prensa económica.
 - Vídeos de diversas plataformas (Educaixa, IESE, Canal Encuentro etc.)
- Poderemos ter en conta as seguintes páxinas web:

- eleconomista.es
- economipedia.es
- inviertaenbolsa.com
- todosalabolsa.com
- observarioinversis.com
- labolsadesdelospirineos.com
- novicap.com
- cosasdedinero.com
- bolsawallstreet.com
- finanzascontabilidad.com
- lavozdegalicia.es
- galicia.economiadigital.es
- economiaengalicia.com
- iese.edu/es
- ceei.xunta.gal

E tamén os seguintes blogs:

- Gurusblog.
- Nada es gratis.
- Blog salmón.
- Sintetia.
- Funcas blog.
- Ahorro diario.
- Capital bolsa.
- Blog Aldea Global.
- Blog de El País.
- Blog de El Mundo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O procedemento seguido para a avaliación inicial consistiu na lectura e análise dun caso práctico dunha empresa real, en que o alumnado debeu debater e responder a unha serie de cuestións básicas. Seguindo a metodoloxía do caso, propia das escolas de negocios, observamos o nivel de coñecementos de que parte cada un dos alumnos e alumnas desta materia.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	16	17	17	17	17	16	100
Proba escrita	74	74	50	50	30	28	51
Táboa de indicadores	26	26	50	50	70	72	49

Criterios de cualificación:

A respecto dos criterios de cualificación, establecemos os seguintes:

A. Ata un 50% por resolución de exames. Probas (exposición escrita, preguntas obxectivas de resposta breve ou de opción múltiple, preguntas abertas, resolución de exercicios), que demostrarán a asimilación de conceptos e a aplicación destes na resolución de situacións propostas. Para que se poida optar ao aprobado final ou parcial a nota deste apartado non deberá ser inferior nunca a un 3'5 sobre 10 puntos.

1) Análise e comentario dun texto, nomeadamente unha noticia extraída dos medios de comunicación económicos, ou dun caso práctico (40%).

2) Definicións de conceptos, teorías e elementos relacionados coa economía (25%).

3) Resolución de problemas vinculados con cuestións económicas (25%).

4) Contestación a preguntas breves e concretas (10%).

· As faltas de ortografía, a mala presentación dos exercicios e a falta de limpeza no exame restarán nas probas escritas ata un máximo de 1 punto por proba.

B. Ata un 25% por exercicios realizados na clase, lecturas, traballos individuais e grupais, tarefas na aula e da casa (comentario de textos e/ou noticias económicas). Neste apartado tamén se puntuará a participación en debates, presentacións ou exposicións orais, gravacións en vídeo ou audio, probas orais etc.

· Non realizar as tarefas marcadas, non ter o material (caderno, apuntamentos, textos entregados na clase) en situacións reiteradas, restará -0,10, ata un máximo de 1 punto por avaliación.

C. Ata un 25% pola culminación con éxito do "Proxecto para a Creación dunha Microempresa ou Sociedade Cooperativa", seguido o modelo dunha consultora, que se desenvolverá ao longo de todo o curso escolar. Neste apartado puntuaranse tamén as actividades propostas polo profesor e vinculadas co proxecto.

Criterios de recuperación:

A respecto dos criterios de recuperación, non se diferencia entre os diversos tipos de contidos que precisan dunha asimilación progresiva e que polo tanto forman parte da avaliación continua. Xa que logo, en xuño haberá a opción de recuperación global antes da avaliación ordinaria.

6. Medidas de atención á diversidade

No que atinxe ás medidas de atención á diversidade, cómpre salientar que as persoas temos moitas características comúns, pero aínda tendo en consideración todas estas similitudes, os seres humanos diferimos uns dos outros en moitos aspectos. As persoas non actuamos, sentimos nin pensamos da mesma forma. E por suposto, non temos todas as mesmas capacidades.

O ensino ten que ter presente que as diferenzas que hai entre o alumnado impiden conseguir obxectivos idénticos.

Polo tanto, sen renunciar á existencia de obxectivos xerais e comúns, hai que considerar a necesidade de dispor de métodos de ensino alternativos segundo a diversidade do alumnado e o ritmo de aprendizaxe. Partindo deste proxecto curricular elaborado, haberá que realizar as adaptacións necesarias para atender a diversidade do alumnado. Para iso delimitamos os obxectivos mínimos que se quere lograr co alumnado e que lles permita continuar a aprendizaxe.

Unha vez decididos hai que ter en conta os diferentes recursos que posibilitan o tratamento da diversidade, dos que destacamos:

- Adaptar o material didáctico.
- Variar a metodoloxía segundo as necesidades de cada alumno e alumna.
- Propor actividades de aprendizaxe diferenciadas.
- Organizar grupos de traballo flexíbeis.
- Ampliar ou reducir bloques de contidos segundo o interese e a capacidade do alumnado.

Tamén cómpre detallar con precisión aqueles apartados que deben sufrir unha adaptación e en que medida resulta impropiedade, pois non é posible unha adaptación para cada alumno, agás nas ACI, senón que hai que adaptar o contido a desenvolver ou mesmo un apartado do contido.

Neste sentido contamos cos reforzos educativos: este sistema de atención está pensado para atallar dificultades puntuais ou acumuladas para asimilar contidos concretos. A actuación incidirá en secuenciar as dificultades do proceso ata chegar ao punto esixido, en achegar exercicios adaptados e en realizar explicacións individualizadas.

Por outra banda, tamén se poderán establecer programas específicos personalizados, ben con aquel alumnado que presenta problemas de actitude, reforzaranse mecanismos de motivación cara ao traballo e a materia. Con aqueloutros que teñen dificultades de aprendizaxe realizaranse reforzos dentro da aula.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual e TIC.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento.	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A educación cívica e o respecto ao Estado de Dereito.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Igualdade efectiva entre homes e mulleres.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Saúde e calidade de vida.	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Discriminación pola orientación sexual e a identidade de xénero.	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A educación viaria.	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A educación ambiental e o respecto polo medio natural.	X	X	X	X	X	X

Observacións:

O currículo contempla os elementos transversais desde a perspectiva das competencias e dos valores. Así, considéranse elementos transversais ás diferentes áreas do currículo: expresión oral e escrita, comunicación audiovisual, TIC, emprendemento, educación cívica e constitucional, desenvolvemento da igualdade entre homes e mulleres, prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, prevención e resolución pacífica de conflitos, liberdade, xustiza, pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia, a seguridade viaria etc.

Como xa mencionamos no apartado de Metodoloxía, nesta materia tratarase con especial esmero este tema e participárase, como noutras moitas actividades, nos diversos proxectos que promove o CPI de Cova Terreña, a biblioteca etc., ademais de todas aquelas actividades que promovan e que favorezan a implicación dos discentes.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a un espazo de coworking.	Visita ao espazo de coworking na Cidade da Cultura, en Santiago de Compostela.	X		
Visita a unha entidade bancaria.	Visita ás oficinas de BBVA, Banco Santander ou Abanca en Baiona.		X	
Participación na iniciativa DEPOEMPRENDE.	Iniciativa promovida pola Deputación de Pontevedra.	X	X	X
Visita ao Concello de Baiona.	Visita á Casa do Concello para coñecer o funcionamento da Administración Pública local.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Programacións de aula tendo en conta os obxectivos, contidos e criterios da programación didáctica.
Metodoloxía empregada
Combinación das esquematizacións, DAFO e método do caso.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Organización en pequenos grupos e utilización das TIC.
Medidas de atención á diversidade
Material de apoio e reforzo para o alumnado con necesidades especiais.
Clima de traballo na aula
Fomento dun bo clima en todas as actividades que se realizan dentro e fóra da aula.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais

Estabelecemento de canles de comunicación con todos os docentes e os seus departamentos.

Descrición:

Na planificación:

- Realiza a temporalización tendo en conta as horas asignadas á materia e a duración dunha sesión de traballo.
- Selecciona e secuencia os contidos de maneira progresiva e tendo en conta os aspectos particulares de cada grupo.
- Planifica as clases de maneira aberta e flexíbel.
- Selecciona e elabora os materiais e recursos didácticos para desenvolver a práctica docente na aula.
- Prepara o material de apoio e reforzo para o alumnado con necesidades especiais.
- Selecciona as lecturas tendo en conta os niveis ao que van dirixidas.
- Estabelece criterios, procedementos e instrumentos de avaliación correlacionados cos estándares de aprendizaxe.
- Coordínase co profesorado do propio departamento e doutros departamentos.
- Dá a coñecer a planificación de cada unidade de contido.

Na motivación do alumnado:

- Estabelece canles de comunicación para que o diálogo sexa fluído dentro e fóra da aula.
- Proporciona ao alumnado o apoio necesario durante o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Desenvolve actividades de diversos tipos e características introducindo elementos novos.
- Fomenta un bo ambiente na aula.
- Promove a participación activa do alumnado.
- Relaciona os contidos, as tarefas e as actividades cos intereses do alumnado.
- Organiza actividades interactivas e en grupo para incentivar a socialización.

No traballo na aula:

- Apóiase ao comezo de cada sesión dos contidos xa traballados en sesións anteriores.
- Utiliza exemplos na introdución de novos contidos.
- Resolve as dúbidas do alumnado dentro e fóra das sesións de traballo.
- Utiliza diferentes soportes durante as sesións de traballo.
- Selecciona prácticas, proxectos e actividades en xeral que permitan alcanzar os estándares de aprendizaxe e a adquisición das competencias clave.

Na avaliación do proceso ensino-aprendizaxe:

- Realiza a avaliación inicial a fin de tomar as medidas individuais ou colectivas necesarias.
- Analiza os procesos e os resultados das prácticas, proxectos, exercicios, probas e actividades en xeral.
- Estabelece medidas que permitan introducir melloras.
- Fai posíbel a realimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos indicando os aspectos en que o alumnado pode e debe introducir melloras.
- Proporciona indicacións durante a realización do traballo práctico na aula.
- Supervisa de forma continua a resolución de exercicios e realización de actividades que se desenvolven durante as sesións .
- Favorece os procesos de autoavaliación.
- Propón actividades complementarias para resolver problemas que xorden durante o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Estabelece con claridade os criterios de avaliación e de puntuación.
- Informa o alumnado e as súas familias dos resultados obtidos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A respecto do procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora, lévase a cabo unha revisión da programación didáctica e das programacións de aula ao final de cada trimestre para valorar o grao de cumprimento da mesma, así como as eivas que puideran existir e que debemos subsanar na seguinte avaliación.

No que atinxe ao alumnado, proporciónase unha enquisa valorativa a final de curso que servirá para elevar propostas de mellora para os seguintes cursos. Da mesma maneira, o docente realiza unha autoavaliación valorando o proceso de ensino e a práctica docente segundo uns indicadores de logro e unhas escalas básicas, con preguntas como:

Proceso de ensino:

- 1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?
- 2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?
- 3.- Púidose motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?

- 4.- Logrouse a participación activa de todo o alumnado?
 - 7.- Tomouse algunha medida curricular para atender o alumnado con NEAE?
 - 8.- Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado?
 - 9.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?
- Na práctica docente:
- 1.- Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado?
 - 2.- Ofréceselle a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?
 - 3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade?
 - 4.- Créanse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?
 - 5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?
 - 6.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?
 - 7.- Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe?
 - 8.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?
 - 9.- Ofréceselle ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames etc?
 - 10.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames etc?
 - 11.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?
 - 12.- Hai certo grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?
 - 13.- As medidas de apoio, reforzo, etc. estabelécense vinculadas aos estándares?
- Na programación didáctica:
- 1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?
 - 2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/ temas/ proxectos?
 - 3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?
 - 4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?
 - 5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?
 - 6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas?
 - 7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?
 - 8.- Asignóuselle a cada estándar o peso correspondente na cualificación?
 - 9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?
 - 10.- Asociáronse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?
 - 11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?
 - 12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?
 - 13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?
 - 14.- Os esquemas didácticos son adecuados, atractivos e de fácil manipulación para o alumnado?
 - 15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?
 - 16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?
 - 17.- Fixouse para a ESO un procedemento de acreditación de coñecementos previos?
 - 18.- Estabelecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames etc?
 - 19.- Conformáronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación?
 - 20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?
 - 21.- Estabelecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?
 - 22.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?
 - 23.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc., vinculados aos estándares?
 - 24.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE?
 - 25.- Realizáronse as actividades complementarias e extraescolares previstas?
 - 26.- Informouse ao alumnado sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?
 - 27.- Comentáronse co alumnado os criterios de promoción?
 - 28.- Seguiuuse e revisouse a programación ao longo do curso?
 - 29.- Contribuíuse desde a materia ao Plan de Lectura do centro?
 - 30.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?

9. Outros apartados

1. Organización do departamento de Lingua e Literatura Galegas

O departamento de Lingua e Literatura Galegas do CPI de Cova Terreña conta con dous docentes, que imparten diversas materias en diferentes cursos:

Antía Monteagudo Alonso

Docente de Lingua e Literatura Galegas en 2º e 3º de ESO.

Titora en 2º de ESO.

Anxo Xoán Rajó Pazó

Docente de Lingua e Literatura Galegas en 1º e 4º de ESO.

Docente de Portugués en 1º de ESO.

Docente de Economía e Emprendemento en 4º de ESO.

Titor en 4º de ESO.